

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA RÚA LUÍS SEOANE**

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA RÚA LUÍS SEOANE

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

### INTERVEÑEN

Dunha parte, don Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, don Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, e don José Carlos Castiñeira Piñeiro en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

### EXPOÑEN

I. Que a Deputación e o Concello de Pontevedra comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que as deputacións deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plan e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadar os mesmos dereitos e servizos.

II. Que a tales efectos, a Deputación e o concello de Pontevedra veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, entre outras de carácter diverso.

III. Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopan a mellora da calidade urbana, unha maior accesibilidade, a consecución dun maior equilibrio ambiental, a mellora do dinamismo humano e económico e a promoción da cohesión social e a igualdade.



A finalidade deste acto é establecer unha cooperación destinada a conseguir un obxectivo de claro interese público e común, consistente na mellora da accesibilidade na rúa Luís Seoane.

IV. Que o artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencia en materia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Asemade, o artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúe como competencia propia a prestación da asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios. A estes efectos, segundo o artigo 114.c) da mesma lei, a asistencia económica poderá revestir a forma de subvencións a fondo perdido.

V. Que o artigo 25.2.d) da LRBRL atribúe ás Administracións municipais competencia sobre a infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade e o artigo 26 da devandita Lei establece como un servizo que deben de prestar todos os municipios os de sumidoiro, acceso a núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas. Asemade, a LALGA, ao regular as competencias propias dos concellos, establece no seu art. 80.2.d) que exercerán, entre outras, competencias en materia de pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.

VI. Que a Deputación, nos orzamentos do ano 2025, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Pontevedra.

VII. Que os convenios entre Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; o artigo 57 da LRBRL; os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; así como no disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VIII. Que a lexislación vixente en materia de réxime local encomenda ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que instrumenta este convenio dirixido ao cumprimento das obrigas impostas pola normativa vixente.

IX. Que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención, en virtude do disposto no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), séndolle de aplicación o réxime xurídico das subvencións. Neste senso, á vista do artigo 22.2 acredítanse na memoria do expediente razóns de interese público, social e económico suficientes que xustifican a súa concesión, tanto de natureza competencial como pola necesidade de apoiar e complementar a capacidade económica do concello e polo



interese veciñal das actuacións. Así mesmo, no artigo 28.1 da LXS establécese que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

X. Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento dos principios de colaboración e cooperación, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra establecen como un dos seus obxectivos estratéxicos a actuación coordinada de apoio en materia de equipamentos e infraestruturas de titularidade municipal e acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os aquí comparecentes, con arranxo ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é o de establecer as bases para a colaboración económica entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo o proxecto de mellora da accesibilidade na rúa Luís Seoane.

### SEGUNDA. FINANCIAMENTO

O investimento obxecto do presente convenio ascende a cantidade total de TRESCENTOS SESENTA E OITO MIL CENTO DEZANOVE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (368.119,04€), IVE engadido, que se corresponde co orzamento total de execución da actuación obxecto da colaboración pactada, que será financiado integramente pola Deputación de Pontevedra na anualidade 2025, contra a aplicación 2025/942.9420.762.14.

O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os da redacción dos proxectos, que foron realizados polo Concello de Pontevedra, e autorizados, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente.

O financiamento necesario para a realización da actuación comprendida neste convenio realizarase da seguinte forma:

	2025
<b>Deputación de Pontevedra (100%)</b>	<b>368.119,04 €</b>

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución da actuación que deriven do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.



No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación contemplada na memoria técnica, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.

### **TERCEIRA. EXECUCIÓN DO CONVENIO**

1. A execución das actuacións e contratos ás que se refire o presente convenio, e o seu financiamento polas partes asinantes, terá lugar durante os anos de vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas na cláusula segunda.

Non obstante, o eventual reaxuste da anualidade da execución do contrato poderá dar lugar ao reaxuste da anualidade do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Pontevedra, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación no expediente que se inicie para o reaxuste da anualidade do devandito contrato e da resolución que se dite.

2. O proxecto técnico aprobado polo Concello de Pontevedra e que se achega ao expediente tramitado para a aprobación do presente convenio, determina o ámbito de actuación do convenio.

3. A Deputación poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

4. As actuacións realizadas no marco do convenio estarán sometidas á comprobación explícita da execución da actuación por parte dos servizos técnicos da Deputación. A dita comprobación material é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

5. Cando remate o investimento, o Concello de Pontevedra comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar o acto de recepción deste, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do dito acto de recepción e a certificación dos acordos municipais que aproben a recepción do investimento executado e a certificación final deste.

### **CUARTA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA**

O Concello de Pontevedra obrígase a:

– Redactar e aprobar a documentación técnica pertinente e o correspondente proxecto de obra, asumindo o seu custo, e debendo remitila aprobada á Deputación, así como calquera modificación que se leve a cabo, para a súa posterior supervisión polos técnicos provinciais.



- Remitir, unha vez formalizado, copia do contrato de adxudicación da obra, á Deputación, e comunicar a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Deputación.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, e remitir unha copia do acordo á Deputación.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Licitar, dirixir, executar, controlar e recibir a obra consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- Xustificar ante a Deputación o investimento realizado mediante a expedición das correspondentes certificacións de obra aprobadas polo órgano competente do Concello; aboándose para cada certificación que se presente a parte proporcional en relación ao custo total do investimento.
- Comunicar á Deputación a data e hora en que terá lugar o acto de recepción da obra, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante da institución provincial.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio conforme a cláusula oitava do mesmo, de tal xeito que quede constancia que a obra obxecto do presente convenio se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción da obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Pontevedra comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma.



Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

#### **QUINTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

A Deputación obrígase a:

- Financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade disposta na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017.

#### **SEXTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

Segundo o artigo 34.3 da Lei 38/2003 o pago da achega económica regulada neste convenio realizarase mediante transferencia bancaria unha vez que o concello de Pontevedra xustifique axeitadamente a realización do proxecto para o que se concedeu a axuda, nos termos establecidos neste convenio e na normativa reguladora das subvencións públicas.

O tipo de xustificación será o de conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto, debendo de presentar a seguinte documentación:

- Facturas rexistradas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado (FACE) ou plataforma similar.
- O acordo municipal de aprobación da certificación de obra e da factura correspondente.
- Certificacións de obra executada.

Xunto coa primeira certificación achegarase a seguinte documentación:

- Unha copia da acta de comprobación de replanteo.
- Unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- O nomeamento do/a Director/a de obra e coordinador/a de seguridade e saúde
- O contrato de adxudicación da obra.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.



- O acordo ou resolución de aprobación do proxecto do investimento.

Xunto coa última certificación achegaranse:

- Informe final do/a Director/a de obra.
- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte a Lei de contratos.
- Acta de recepción.
- Proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Declaración responsable de non estar o beneficiario incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da LSG, para ser beneficiario desta axuda.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A xustificación deberá de presentarse ante a Deputación de Pontevedra no prazo máximo de tres meses dende o fin da actuación subvencionada. O prazo máximo para presentar a xustificación do investimento será o 31 de marzo de 2027.

O concello poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución do investimento, que se aboarán pola contía equivalente á xustificación presentada. A documentación xustificativa verificarase polos servizos técnicos provinciais e fiscalizarase pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

#### **SÉTIMA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONS**

Conforme ao disposto no artigo 65.3, letra c) do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

#### **OITAVA. PUBLICIDADE**

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de



Pontevedra e o Concello de Pontevedra, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra. O Concello deberá acreditar a publicidade, e indicar as accións de comunicación realizadas. Para isto, o Concello debe:

- Dende o inicio das obras ata a súa total terminación, deberá colocarse un cartel de obra cos logos do mesmo tamaño do Concello de Pontevedra e o da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Facerse cargo económica e físicamente dos carteis da obra que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación. Por tratarse dunha obra de infraestruturas ou dotacións, o cartel colocarse ao carón do acceso principal; no caso de obras na infraestrutura viaria ou no seu subsolo, situarase ao comezo da vía ou no seu entroncamento coa vía principal. En todo caso, sen prexuízo do anterior, deberán colocarse nun lugar suficientemente visible.
- Darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións ou os gastos subvencionados.
- Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade (carteis, folletos, programas, placas, cartas ou páxina web, entre outras) o apoio da Deputación. Isto farase mediante a inclusión da imaxe corporativa actualizada nun lugar visible.
- As notas de prensa que se fagan desde o Concello deberán indicar o financiamento da Deputación para as actuacións ou os gastos subvencionados.
- Comunicarlle á Deputación as distintas visitas ás instalacións e, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, o lugar, a data e hora do acto de recepción da obra e, de ser o caso, da inauguración do investimento.

A falta de previsións concretas, rexerán con carácter supletorio as regras das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia) 2025, especificamente as previstas para a Liña 1 de investimentos, por ser o Plan de natureza equivalente a este convenio.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional da Deputación dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa provincial (<https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>).

O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **NOVENA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS**

As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

### **DÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación creárase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.



– A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A comisión reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.

As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial da Deputación ou na Casa do Concello de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao/á seu/súa secretario/a que levantará acta das súas reunións.

### **DÉCIMO PRIMEIRA. VIXENCIA**

O investimento obxecto deste Convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31 de decembro de 2026, fixándose un prazo de xustificación ata o 31 de marzo de 2027.

No caso de que, por motivos xustificadas, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

### **DÉCIMO SEGUNDA. EXTINCIÓN E CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

### **DÉCIMO TERCEIRA. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se



aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores

O secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luis López Diéguez

O secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay

